

NOTA DE PRENSA

O PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA APROBOU HOXE AS SEGUINTES PROPOSICIÓNS NON DE LEI

-07/PNP-0109 (4421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 2 deputados máis

Sobre o recoñecemento legal e o pulo do turismo de autocaravanas
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 115, do 07.04.2006

Texto da iniciativa:

-“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1º- Que na nova Lei de turismo que se está a elaborar se recoñeza e se ordene o turismo en autocaravanas.

2º- Que se informe ás administracións locais sobre as características e as necesidades desta nova forma de turismo.

3º- Que se impulsse a creación de áreas de aparcamento e de servizo-pernocta nos concellos, abrindo liñas de cooperación para a súa realización.

4º- Incluír na web de Turgalicia unha información relacionada co turismo itinerante de autocaravanas.

5º- Que se estude a posibilidade de incluír a construción de infraestructuras e a promoción deste tipo de turismo dentro dos Plans de Dinamización de Producto Turístico

6º- Que haxa interlocución coa Fegamp polo carácter asociativo dos concellos galegos que posúe e que a carga económica para os concellos cos que se chegue a conveniar sexa mínima.

7º- Que se escoite ás asociacións de usuarios de turismo en autocaravanas así como ós sectores da actividade turística que puideran estar relacionados con esta modalidade”.

Resultado da votación: ***Aprobada por unanimidade.***

-07/PNP-0150 (7738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a participación das subcontratas das minas galegas de lignito pardo na cota de incorporacións e recolocacións recollidas no Plan nacional de reserva estratéxica do carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras e a clarificación das que corresponden a Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 143, do 20.05.2006

-“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse ao goberno central para que ante o peche das minas de carbón se dea unha saída non traumática para os traballadores e traballadoras das empresas auxiliares con dúas alternativas complementarias

1ª- Incorporacións. Que no cupo de incorporacións que recolle o denominado “Plan Nacional da Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das Comarcas Mineiras se beneficien as subcontratas das minas galegas de lignito pardo, realizándose, como mínimo, e igual que no resto do Estado, 4 incorporacións por cada 9 baixas.

2º- Recolocacións. Dado que a mina galega de carbón remata a súa explotación extractiva o 31 de decembro de 2007, instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para que dea prioridade aos proxectos empresariais presentados por Galicia, aprobando axudas na súa máxima intensidade establecida no plano, para tódolos proxectos que cumpran os requisitos e así facilitar a instalación de novas industrias que posibiliten a colocación de centros mineiros”.

Resultado da votación: ***Aprobada por unanimidade.***

Santiago de Compostela, 07 de xuño de 06.

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Parlamento de Galicia.